



Conservatorio Profesional de Música de Carballo

Programación oficial da asignatura de Harmonía
Cursos 3º e 4º do grao profesional

Curso escolar 2023 / 2024

Conservatorio Profesional de Música de Carballo

PROGRAMA OFICIAL DA MATERIA DE HARMONÍA

INDICE

1

TERCEIRO CURSO DO GRAO PROFESIONAL

1- INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DA ENSEÑANZA PROFESIONAL DE MÚSICA NA MATERIA DE HARMONÍA.

2. OBXETIVOS.

3- CONTIDOS.

4- RECURSOS DIDÁCTICOS (METODOLOXÍA).

5- CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES.

6- PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.

7- MEDIDAS DE RECUPERACIÓN.

8- PROBAS EXTRAORDINARIAS DE XUÑO.

9- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.

10- OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA.

11- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

12. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN (ver programación 4º harmonia)

13. DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DÁ PROGRAMACIÓN (ver programación 4º harmonia)



14. PROCEDIMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO (ver programación 4º harmonía)

2

CUARTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL

1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DA ENSINANZA PROFESIONAL DE MÚSICA NA MATERIA DE HARMONÍA.

2. OBXETIVOS.

3. CONTIDOS.

4. RECURSOS DIDÁCTICOS (METODOLOXÍA).

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES.

6. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.

7. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN.

8. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE XUÑO.

9. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.

10. OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA.

11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

12. ACTIVIDADES CULTURAIAS E DE PROMOCIÓN (3º e 4º harmonía)

13. DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DÁ PROGRAMACIÓN (3º e 4º harmonía)

14. PROCEDIMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO (3o e 4o harmonía)

15. PROBA DE ACCESO A 4º E 5º DE GRAO PROFESIONAL

3

TERCEIRO CURSO DE GRAO PROFESIONAL

HARMONÍA

1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DA ENSINANZA PROFESIONAL DE MÚSICA NA MATERIA DE HARMONÍA.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Grao profesional:

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación da concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes do departamento de Fundamentos de Composición no Conservatorio Profesional de Música de Carballo.

2. OBXECTIVOS.

A ensinanza de Harmonía no grao profesional terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

1. Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.

Para acadar este obxectivo hai que ter en conta que o alumnado parte de coñecementos xa desenvolvidos na materia de Linguaxe Musical. Coa harmonía afondamos nestes contidos e introducimos o seu estudo dende unha perspectiva histórica, empregando a análise de obras.

2. Empregar en traballos escritos os elementos e os procedementos estudados da harmonía tonal.

3. Desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios escritos. Alumnado de harmonía non se pode limitar a realizar exercicios escritos, senón que debe ser capaz de saber como soarán para poder elixir entre as opcións das que dispón.

4. Identificar a través da audición os acordes e os procedementos estudados da harmonía tonal.

5. Identificar a través da análise de obras os acordes, os procedementos máis comúns da harmonía tonal e as transformacións temáticas.

Neste curso de harmonía levarase a cabo unha primeira aproximación á análise musical de obras, fragmentos de obras ou incluso exercicios. Nesta análise tratarase de identificar os elementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal e así, axudar á súa interiorización.

6. Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma musical. Trátase neste obxectivo de chegar a comprender a evolución e interrelación constante ao longo da historia da música entre a forma musical e a harmonía. O alumnado comprenderá esta relación a través da realización de análises e audicións de obras musicais de diferentes períodos da historia da música.

7. Aprender a valorar a calidade da música.

O estudo desta materia, sobre todo a través da análise e audición de obras de distintos estilos, descubrirá ao alumnado a grande riqueza harmónica que encerran, contribuíndo a formar o seu espírito crítico.

8. Ter actitude crítica ante a escasa calidade harmónica que pudiera presentarse tanto en músicas propias ou alleas como en harmonizacións xeradas por medios electrónicos de xeito automático.

9. Tocar esquemas básicos no piano.

A execución ao piano dos acordes e os seus enlaces, así como dos procedementos estudados durante o curso, levarán ao alumnado a interiorizar a súa sonoridade e, por tanto, a desenvolver o oído interno.

10. Tocar os traballos realizados no piano.

Seguindo a mesma liña que o anterior obxectivo, o alumnado deberá interpretar as harmonizacións realizadas no piano e así ter unha idea real da súa sonoridade con vistas a mellorar a musicalidade dos traballos realizados.

3. CONTIDOS

Os contidos na materia de harmonía do 3º curso de grao profesional son os seguintes:

*PRIMEIRO TRIMESTRE:

a) Introdución:

- Intervalos e tonalidade
- Consonancia e disonancia
- Harmonía e Contrapunto
- Concepto de sucesión e simultaneidade - Tonalidade e modalidade

b) O acorde:

- O acorde e a súa constitución
- Teoría tradicional sobre a formación de acordes
- Clasificación dos acordes tríadas. Posición e disposición
- Formación e clasificación nas escalas maior natural e menor harmónica. - Estados do acorde: estado fundamental e o seu cifrado en modo maior e modo menor do acorde: estado fundamental. Intervalos harmónicos consonantes e disonantes. O cifrado dos acordes. Funcións tonais.
- Estado fundamental do acorde: disposición do acorde. Duplicacións, supresións e cifrado.
- Os unísonos

c) Enlace de acordes:

- Realización da harmonía. Principios xerais. Escritura a catro partes reais. Voces ou partes harmónicas. Principios xerais de condución das voces. Duplicacións e supresións. Movemento conxunto e disxunto. Movemento melódico e harmónico. Regras de enlace. Quintas, unísonos e oitavas directas e sucesivas. Falsa relación de tritono. Superposición e cruzamento.
- Encadeamentos en estado fundamental: a súa mecánica e expresividade.
- Tratamento da sensible

d) O ritmo harmónico:



Textura rítmica. Ritmo harmónico e melódico. Indicacións dinámicas.

e) Cadencias:

Cadencias nas que interveñen os acordes tríadas. Cadencias perfectas e imperfectas. A semicadencia. A cadencia plagal. A cadencia rota.

f) Procesos cadenciais.

g) O acorde de 5ª disminuída:

a súa constitución, duplicacións, cifrado e resolución en estado fundamental.

h) Notas estrañas ao acorde:

- Emprego de notas de paso e floreos.

i) Utilización dos elementos e procedementos expostos anteriormente:

- Exercicios:

Ó longo do trimestre realizaránse exercicios (baixos cifrados, sen cifrar e triples ou cantos dados), propostos polo profesorado baseados nos contidos expostos anteriormente (na aula, e para casa como traballo individual e de dificultade similar ós realizados na clase).

- Práctica auditiva e instrumental:

Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e procedementos aprendidos.

- Análise de obras:

Análise de obras para relacionar os devanditos elementos e procedementos, así como as transformacións temáticas dos materiais empregados co seu contexto estilístico e a súa forma musical.

- Realizarase unha audición como mínimo no curso dos traballos propios do alumnado

*SEGUNDO TRIMESTRE:

a) Acordes tríadas en primeira inversión:

- O acorde en primeira inversión ou acorde de sexta: constitución e disposición. Duplicacións, supresións e cifrado.
- A serie de sextas

b) Acordes tríadas en segunda inversión:

- O acorde en segunda inversión ou acorde de cuarta e sexta: constitución e disposición do acorde. Duplicacións, supresións e cifrado. Clasificación do acorde de cuarta e sexta: cadencial, de paso e de floreo. Preparación e resolución da 4ª.

c) Acorde de 5ªD. e de 5ªA.:

- Particularidades dos acordes de 5ª disminuída (1ª e 2ª inversión), e de 5ª aumentada: constitución e disposición dos acordes. Duplicacións, supresións e cifrado.
- Particularidades dos encadeamentos dos acordes de 5ª disminuída e de 5ª aumentada.

d) Encadeamentos dos acordes en 1ª e 2ª inversión:

- Cambios na disposición dos acordes: cambios de estado e de posición.
- Encadeamentos en primeira inversión: a súa mecánica e expresividade.
- Encadeamentos en segunda inversión: a súa mecánica e expresividade. - Características harmónicas dos distintos estados dos acordes e dos seus enlaces.

e) O acorde de sétima de dominante:

Constitución, estados e disposición do acorde. Resolución principal. Duplicación, supresión e cifrado. O acorde de sétima de dominante nas harmonizacións. Estado fundamental e inversións.

f) A tonalidade e as funcións tonais:

- O modo maior e menor. Peculiaridades do modo menor. Funcións tonais de cada grao.

g) O ritmo harmónico:

- Textura rítmica. Ritmo harmónico e melódico. Indicacións dinámicas.

h) Cadencias:

- Cadencias nas que interveñen os acordes tríadas e de sétima de dominante: Cadencias perfectas e imperfectas. A semicadencia. A cadencia plagal. A cadencia rota.

i) Procesos cadenciais

k) Notas estrañas ao acorde:

- Emprego de notas de paso, floreos e retardos.

l) Utilización dos elementos e procedementos expostos anteriormente:

- Exercicios:

Ó longo do trimestre realizaránse exercicios (baixos cifrados, sen cifrar e cantos dados) propostos polo profesorado baseados nos contidos expostos anteriormente (na aula, e para casa como traballo individual e de dificultade similar ós realizados na clase).

Exercicios de creatividade en base a unha secuencia harmónica dada polo docente, baseada nos contidos do trimestre. Introducción á realización da melodía acompañada.

- Práctica auditiva e instrumental:

Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e procedementos aprendidos.

- Análise de obras:

Análise de obras para relacionar os devanditos elementos e procedementos, así como as transformacións temáticas dos materiais empregados co seu contexto estilístico e a súa forma musical.

- Realizarase unha audición como mínimo no curso dos traballos propios do alumnado.

*TERCEIRO TRIMESTRE:

a) O acorde de sétima sobre todos os graos da escala:

A súa constitución. Estados do acorde. Resolucións da disonancia: natural e excepcional. Duplicacións, supresións e cifrado. Función tonal dos distintos acordes de sétima. Intervalos harmónicos consoantes e disonantes.

b) A tonalidade e as funcións tonais:

- O modo maior e menor. Peculiaridades do modo menor. Funcións tonais de cada grao. A harmonía de tónica, de dominante e de subdominante. Cambio de modo. A terceira de picardía. O principio da dominante secundaria. Cromatismo e tonalidade.

c) O ritmo harmónico:

- Textura rítmica. Ritmo harmónico e melódico. Indicacións dinámicas.

d) Cadencias:

- Cadencias nas que interveñen os acordes tríadas e de sétima de dominante: Cadencias perfectas e imperfectas. A semicadencia. A cadencia plagal. A cadencia rota.

e) Procesos cadenciais

f) Progresións unitónicas:

- Xeneralidades. O modelo. Realización. Extensión da progresión. Emprego. O ritmo harmónico na progresión. Grao de transposición. A progresión na harmonización dos acordes tríadas.



g) Flexións introtonais:

- As dominantes secundarias. O seu emprego.

h) Notas estrañas ao acorde:

- Emprego de notas de paso, floreos e retardos.

i) Utilización dos elementos e procedementos expostos anteriormente:

- Exercicios:

Ó longo do trimestre realizaránse exercicios (baixos cifrados, sen cifrar e cantos dados) propostos polo profesorado baseados nos contidos expostos anteriormente (na aula, e para casa como traballo individual e de dificultade similar ós realizados na clase).

Exercicios de creatividade en base a unha secuencia harmónica dada polo docente, baseada nos contidos do trimestre. Introdución á realización da melodía acompañada.

- Práctica auditiva e instrumental:

Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e procedementos aprendidos.

- Análise de obras:

Análise de obras para relacionar os devanditos elementos e procedementos, así como as transformacións temáticas dos materiais empregados co seu contexto estilístico e a súa forma musical.

- Realizarase unha audición como mínimo no curso dos traballos propios do alumnado.

4. RECURSOS DIDÁCTICOS (METODOLOXÍA)

Os resultados que pretendemos acadar nesta materia serán principalmente, o coñecemento do sistema tonal, tanto a nivel morfolóxico (elementos individuais) como semántico (significado e funcionamento).

En todo este proceso deberase fomentar a creatividade do alumnado dende o primeiro momento, estimulándoo a realizar pequenas obras, nas que se vaia introducindo, pouco a pouco, cada novo elemento aprendido.

Deben interiorizarse todos os novos elementos, polo que serán traballados dende o punto de vista de:

- Realización de exercicios escritos
 - Análise de partituras variadas e progresivamente máis complexas.
- Con todo isto trataremos de acadar: - Maior corrección na escritura
- Maior musicalidade nas liñas melódicas
 - Unha clara comprensión da funcionalidade dos acordes dentro da tonalidade.

A metodoloxía apoiarase nos seguintes principios:

- A formación individual e personalizada
- Desenvolvemento dunha metodoloxía activa e de participación
- A formación e desenvolvemento do espírito crítico
- Desenvolvemento da capacidade creativa
- Mostra da utilidade do aprendido
- A orientación educativa

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES

Dado que os criterios de avaliación miden o grao de consecución dos obxectivos, estes repítese aquí, engadindo os criterios de avaliación relacionados:

Criterios de avaliación para o 1º, 2º e 3º Trimestre:

1. Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.

Identificar os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.

2. Empregar en traballos escritos os elementos e os procedementos estudados da harmonía tonal.

Realizar exercicios a partir dun baixo cifrado, sen cifrar ou a partir de triples dados. Compor exercicios breves a partir dun esquema harmónico dado ou propio.

3. Desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios escritos Interiorizar os principais elementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal.

4. Identificar a través da audición os acordes e os procedementos estudados na harmonía tonal.

Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos e procedementos sintácticos da harmonía tonal. Identificar auditivamente estruturas formais concretas.

5. Identificar a través da análise de obras os acordes, os procedementos máis comúns da harmonía tonal e as transformación temáticas.

Identificar mediante a análise de obras sinxelas todos os elementos que forman parte da materia de harmonía relacionados coas obras propostas.

6. Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma musical. Comparar obras musicais dos períodos Barroco, Clásico e Romántico a partir das súas características harmónicas e formais.

7. Aprender a valorar a calidade da música.

Valorar a calidade dos exercicios propostos. Comentar, a través da análise harmónica de obras ou fragmentos representativos dos diversos períodos estudados, a diferente calidade da música.

8. Ter actitude crítica ante a escasa calidade harmónica que pudiera presentarse tanto en músicas propias como alleas como en harmonizacións xeradas por medios electrónicos de xeito automático.

9. Tocar esquemas básicos ao piano

Improvisar no piano, a partir de esquemas propostos, os encadeamentos de acordes e procedementos da harmonía tonal estudados, dentro dun carácter homofónico.

10. Ser capaz de tocar os traballos realizados ao piano. Tocar no piano os traballos realizados.



6. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Os principais procedementos de avaliación serán:

- Corrección individual semanal de exercicios propostos polo profesorado, dos contidos que se están a traballar, a valoración destes exercicios suporá na nota do trimestre un 40% da nota final (oito exercicios mínimo por trimestre). No caso de exercicio ou exercicios de creatividade, suporán o 10% desta porcentaxe.
- Proba ou probas obxectivas trimestrais que poderán ser un baixo (con ou sen cifrar) e un tiple: a súa valoración na nota do trimestre será dun 60%.

Valorarase ademais dunha correcta realización harmónica o coidado das diferentes liñas melódicas.

Ademais dos contidos procedementais antes mencionados, terase en conta o talante do alumnado na consecución dos valores e actitudes recollidos na programación, así como a análise e audición de obras ou fragmentos e interpretación dos traballos realizados na aula e dos propios do alumnado.

No caso da perda da avaliación continua (tres faltas de asistencia) o alumnado perderá o dereito as probas obxectivas trimestrais e deberá realizar unha proba única a finais de maio ou primeiros de xuño, que consistirá nun baixo, tiple ou baixo-tiple combinado, ademais de entregar uns traballos (mínimo 3), a determinar polo docente dos contidos da materia (serán proporcionados con 15 días de antelación). Para unha avaliación positiva desta proba o alumnado deberá ter un 5 na proba obxectiva, así como un 5 nos traballos propostos: a ponderación destas notas será dun 75% e 25% respectivamente.

A duración desta proba non excederá de 90 minutos e será convocatoria única.

7. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

A materia de harmonía ten unha avaliación continua, polo que a recuperación das probas obxectivas realizadas na aula realizaránse no seguinte trimestre. Se o remate do 3º trimestre a avaliación nestas probas fose negativa, realizarase unha proba final que consistirá nun baixo, un tiple ou un baixo-tiple combinado dos contidos do curso, valorando a súa correcta realización harmónica (60% da nota final), así como o tratamento das distintas liñas melódicas (40% da nota final).

A proba realizarase a finais do mes de maio na aula e no horario

correspondente á materia a recuperar. A nota final da materia constará: desta proba obxectiva (60%) así como os exercicios ou traballos do último trimestre (40%).

8. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE XUÑO

A proba extraordinaria de xuño consistirá en:

- Harmonización dun tiple e/ou baixo sen cifrar, ou unha combinación de ambos, incluíndo os contidos expostos na programación do 3º de Harmonía.
- Ó alumnado daráselle un tempo máximo de 90 minutos para a realización e posta en limpo do exercicio, a bolígrafo azul ou negro.

Os criterios de avaliación serán:

- Calificación dos contidos da materia de 3º de Harmonía reflexados no programación, utilizando estes elementos en base aos procedementos cadenciais nos que se baseará o exercicio proposto. Este apartado valorarase como o 70% da nota final.
- Avaliarase a creatividade das distintas liñas melódicas, principalmente baixos e sopranos. Este apartado valorarase como o 30% da nota final.

9. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

A ampliación de matrícula no 3º curso do grao profesional na materia de Harmonía, será avaliado positivamente se supera coa nota mínima de 5, unha proba obxectiva realizada antes do 30 de Novembro (prazo para realizar esta solicitude). Esta proba consistirá:

- Harmonización dun tiple ou baixo sen cifrar, ou unha combinación de ambos, referido a todos os contidos da materia expostos na programación.
- A duración do exercicio non excederá de 90 minutos.
- A súa avaliación realizarase do seguinte xeito: calificación dos contidos da materia en base aos procedementos cadenciais nos que se baseará o exercicio (70% da nota final), e unha avaliación da creatividade das diferentes liñas melódicas, principalmente baixos e tiples, cunha valoración do 30% na nota



final.

10. OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA

A orde do 10 de Marzo de 2009 con data de disposición 10/03/2009 e, data de publicación 18/03/2009, regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premios de fin de grao nas ensinanzas de música e danza.

A matrícula de honra poderase conceder ó alumnado matriculado en calquera curso das ensinanzas profesionais de música ou danza que acaden a calificación de 9 en calquera das materias reguladas polo Decreto 203/2007, do 27 de Setembro, e polo Decreto 204/2007, do 11 de Outubro.

Concesión de matrículas de honra:

- a) O número de matrículas de honra non poderá superar o 10% do alumnado matriculado no curso.
- b) As matrículas de honra serán propostas polo departamento de Fundamentos de Composición, a instancia do profesorado que imparte a materia de harmonía.
- c) As propostas do departamento elevaránse á Comisión de Coordinación Pedagóxica, que levantará acta dos acordos tomados e da concesión das matrículas de honra.

11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Durante o proceso de ensino-aprendizaxe é preciso ofrecer despostas diferenciadas en función da diversidade do alumnado na materia de Harmonía; ao impartirse colectivamente será inevitable integrar discentes con diferencias entre eles, de nivel, de motivación, de idade...

Por estas razóns no desenvolvemento das unidades didácticas realizadas polo profesorado, poderán adaptarse ou engadirse as actividades que se consideren oportunas para esta atención individualizada dentro do grupo, sexan como reforzo ou ben como ampliación.

No caso do alumnado non pianista deberá realizar un esforzo para conseguir tocar, como mínimo os seus traballos, tendo en conta o nivel acadado nos estudos de Piano Complementario.

O profesorado apoiará todo o posible ao alumnado que máis o necesite, iso si, sen perxudicar o normal desenvolvemento do curso e da realización do currículo.

Nalgúns casos serán convenientes traballos de reforzo ou de ampliación, e deberá proporcionárselle o material necesario.

Se algún membro do alumnado necesitase un apoio educativo maior, deberá buscalo mediante as titorías.

CUARTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL

HARMONÍA 4º

1. INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DA ENSINANZA PROFESIONAL DE MÚSICA NA MATERIA DE HARMONÍA.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Grao profesional:

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas. A presente programación da concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes do departamento de Fundamentos de Composición no Conservatorio Profesional de Música de Carballo.

2. OBXECTIVOS.

A ensinanza de Harmonía no grao profesional terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

1. Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.

Para acadar este obxectivo hai que ter en conta que o alumnado parte de coñecementos xa desenvolvidos na materia de Harmonía 3º. Coa harmonía 4º afondamos nestes contidos e introducimos o seu estudo dende unha perspectiva histórica, empregando a análise de obras.

2. Empreñar en traballos escritos os elementos e os procedementos estudados da harmonía tonal.

3. Desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios escritos.

O alumnado de harmonía non se pode limitar a realizar exercicios escritos, senón que debe ser capaz de saber como soarán para poder elixir entre as opcións das que dispón.

4. Identificar a través da audición os acordes e os procedementos estudados da harmonía tonal.

5. Identificar a través da análise de obras os acordes, os procedementos máis comúns da harmonía tonal e as transformacións temáticas.

Neste curso de harmonía levarase a cabo unha aproximación á análise musical de obras, fragmentos de obras ou in cluso exercicios. Nesta análise tratarase de identificar os elementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal e así, axudar á súa interiorización.

6. Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma musical. Trátase neste obxectivo de chegar a comprender a evolución e interrelación constante ao longo da historia da música entre a forma musical e a harmonía. O alumnado comprenderá esta relación a través da realización de análises e audicións de obras musicais de diferentes períodos da historia da música.

7. Aprender a valorar a calidade da música.

O estudo desta materia, sobre todo a través da análise e audición de obras de distintos estilos, descubrirá ao alumnado a grande riqueza harmónica que encerran, contribuindo a formar o seu espírito crítico.

8. Ter actitude crítica ante a escasa calidade harmónica que pudiera presentarse tanto en músicas propias ou alleas como en hatmonizacións xeradas por medios electrónicos de xeito automático.



9. Tocar esquemas básicos no piano.

A execución ao piano dos acordes e os seus enlaces, así como dos procedementos estudados durante o curso, levarán ao alumnado a interiorizar a súa sonoridade e, por tanto, a desenvolver o oído interno.

10. Tocar os traballos realizados no piano.

Seguindo a mesma liña que o anterior obxectivo, o alumnado deberá interpretar as harmonizacións realizadas no piano e así ter unha idea real da súa sonoridade con vistas a mellorar a musicalidade dos traballos realizados.

3. CONTIDOS

Os contidos na materia de harmonía do 4º curso de grao profesional son os seguintes;

*PRIMEIRO TRIMESTRE:

a) Repaso dos contidos adquiridos no 3º curso do grao profesional de Harmonía.

b) Estado fundamental e inversións dos acordes de novena de dominante: - O acorde de novena maior e menor de dominante: constitución, resolucións e cifrado

- O acorde de novena de dominante na escritura a catro ou cinco partes reais. Duplicacións, supresións e preparacións.

- Os acordes de 9a de dominante na utilización dos procesos cadenciais.

c) Estado fundamental e inversións dos acordes de sétima de sensible e disminuída:

- Realización da harmonía.

- Os acordes de sétima de sensible e disminuída: a súa mecánica e expresividade. Resolucións, inversións, cifrados e utilización nos procesos cadenciais

d) A tonalidade e as funcións tonais:

- A ampliación da tonalidade. O modo maior mixto. A tonalidade cromática.

e) O ritmo harmónico:

- Textura rítmica. Ritmo harmónico e melódico. Indicacións dinámicas.

f) Cadencias:

- Cadencias nas que interveñen os acordes tríadas e de sétima de dominante: a cadencia auténtica. Cadencias perfectas e imperfectas. A semicadencia. A cadencia plagal. A cadencia rota.

g) Procesos cadenciais:

- Procesos cadenciais nos que interveñen os acordes tríadas, de sétima e de novena de dominante maior e menor. Sucesións cadenciais principais.

h) Utilización dos elementos e procedementos expostos anteriormente:

- Exercicios:

Ó longo do trimestre realizaránse exercicios (baixos cifrados, sen cifrar e cantos dados) propostos polo profesorado baseados nos contidos expostos anteriormente (na aula e para casa como traballo individual e de dificultade similar ós realizados na clase).

Exercicios de creatividade en base a unha secuencia harmónica dada, realización de melodía acompañada (melodía propia ou allea).

- Práctica auditiva e instrumental:

Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e procedementos aprendidos.

- Análise de obras:

Análise de obras para relacionar os devanditos elementos e procedementos, así como as transformacións temáticas dos materiais empregados co seu contexto estilístico e a súa forma musical:

- Elementos sintácticos da harmonía tonal



- Frases musicais
- Ritmo harmónico
- Procesos cadenciais
- Modulacións
- Progresións unitónicas e modulantes
- A dinámica, o timbre e as súas relacións coa harmonía
- Ornamentación melódica.
- Realizarase unha audición como mínimo no curso dos traballos propios do alumnado.

*SEGUNDO TRIMESTRE:

a) Elementos e procedementos de orixe modal presentes no sistema tonal:

Elementos derivados do modalismo:

- A cadencia frixia e dórica
- A sexta napolitana
- Xeneralidades e emprego

b) Progresións unitónicas e modulantes:

- Progresións unitónicas e modulantes de acordes de sétima
- Progresións unitónicas e modulantes de acordes de novena
- Progresións empregando dominantes secundarias.

c) Modulación: diatónica e cromática:

- Definición de Modulación. Clasificación das modulacións. Proceso cadencial posterior ao cambio de función tonal.
- Modulación diatónica e cromática a tonalidades veciñas.

d) Flexións introtonais:

- As dominantes secundarias e os acordes de sétima. O seu emprego.

e) Notas estrañas ao acorde:

- Emprego de notas de paso, floreos, retardos, apoiaturas e escapadas.

f) Utilización dos elementos e procedementos expostos anteriormente:

- Exercicios:

Ó longo do trimestre realizaránse exercicios (baixos cifrados, sen cifrar e cantos dados) propostos polo profesorado baseados nos contidos expostos anteriormente (na aula e para casa como traballo individual e de dificultade similar ós realizados na clase).

Exercicio de creatividade modal, baseado nun modo ou modos dados e realización dunha melodía a compañada de carácter modal.

- Práctica auditiva e instrumental:

Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e procedementos aprendidos.

- Análise de obras:

Análise de obras para relacionar os devanditos elementos e procedementos, así como as transformacións temáticas dos materiais empregados co seu contexto estilístico e a súa forma musical:

- Elementos sintácticos da harmonía tonal
- Frases musicais
- Ritmo harmónico
- Procesos cadenciais
- Modulacións
- Progresións unitónicas e modulantes
- A dinámica, o timbre e as súas relacións coa harmonía - Ornamentación melódica

Realizarase unha audición como mínimo no curso dos traballos propios do alumnado

*TERCEIRO TRIMESTRE:

a) Modulación: diatónica e cromática:

- Proceso cadencial posterior ao cambio de función tonal.



- Modulación diatónica e cromática a tonalidades veciñas.
- Modulación por cambio de modo.
- A modulación a través do acorde de sexta napolitana.
- A modulación a través da sexta aumentada.

b) Flexións introtonais:

- As dominantes secundarias e os acordes de novena. O seu emprego.

c) Notas estrañas ao acorde:

- Emprego de notas de paso, floreos, retardos, escapadas, anticipacións e apoiaturas.

d) Series de sétimas:

- Series de sétimas diatónicas e modulantes.
- Serie de sétimas alternadas con tríadas.
- Marcha clásica de sétimas.
- Harmonización de series de sétimas no baixo dado ou no canto dado.

e) Utilización dos elementos e procedementos expostos anteriormente:

- Exercicios:

Ó longo do trimestre realizaránse exercicios (baixos cifrados, sen cifrar e cantos dados) propostos polo profesorado baseados nos contidos expostos anteriormente (na aula e para casa como traballo individual e de dificultade similar ós realizados na clase).

Exercicio de creatividade modal, baseado nun modo ou modos dados e realización dunha melodía a compañada de carácter modal.

- Práctica auditiva e instrumental:

Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e procedementos aprendidos.

- Análise de obras:

Análise de obras para relacionar os devanditos elementos e procedementos, así como as transformacións temáticas dos materiais empregados co seu contexto estilístico e a súa forma musical:

- Elementos sintácticos da harmonía tonal
- Frases musicais
- Ritmo harmónico
- Procesos cadenciais
- Modulacións
- Progresións unitónicas e modulantes
- A dinámica, o timbre e as súas relacións coa harmonía
- Ornamentación melódica.
- Realizarase unha audición como mínimo no curso dos traballos propios do alumnado

4. RECURSOS DIDÁCTICOS (METODOLOXÍA).

Os resultados que pretendemos acadar nesta materia serán principalmente, o coñecemento do sistema tonal, tanto a nivel morfolóxico (elementos individuais) como semántico (significado e funcionamento).

En todo este proceso deberase fomentar a creatividade do alumnado dende o primeiro momento, estimulándoo a realizar pequenas obras, nas que se vaia introducindo, pouco a pouco, cada novo elemento aprendido.

Deben interiorizarse todos os novos elementos, polo que serán traballados dende o punto de vista de:

- Realización de exercicios escritos
- Análise de partituras variadas e progresivamente máis complexas.

Con todo isto trataremos de acadar:

- Maior corrección na escritura
- Maior musicalidade nas liñas melódicas
- Unha clara comprensión da funcionalidade dos acordes dentro da tonalidade.

A metodoloxía apoiarase nos seguintes principios:

- A formación individual e personalizada
- Desenvolvemento dunha metodoloxía activa e de participación
- A formación e desenvolvemento do espírito crítico



- Desenvolvemento da capacidade creativa
- Mostra da utilidade do aprendido
- A orientación educativa

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR TRIMESTRES

Dado que os criterios de avaliación miden o grao de consecución dos obxectivos, estes repítense aquí, engadindo os criterios de avaliación relacionados:

Criterios de avaliación para o 1º, 2º e 3º Trimestre:

1. Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.
Identificar os elementos básicos da harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.
2. Empregar en traballos escritos os elementos e os procedementos estudados da harmonía tonal.
Realizar exercicios a partir dun baixo cifrado, sen cifrar ou a partir de triples dados. Compoñer exercicios breves a partir dun esquema harmónico dado ou propio.
3. Desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios escritos
Interiorizar os principais elementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal.
4. Identificar a través da audición os acordes e os procedementos estudados na harmonía tonal.
Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos e procedementos sintácticos da harmonía tonal. Identificar auditivamente estruturas formais concretas.
5. Identificar a través da análise de obras os acordes, os procedementos máis comúns da harmonía tonal e as transformacións temáticas.
Identificar mediante a análise de obras sinxelas todos os elementos que forman parte da materia de harmonía relacionados coas obras propostas.
6. Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma musical.
Comparar obras musicais dos períodos Barroco, Clásico e Romántico a partir das súas características harmónicas e formais.

7. Aprender a valorar a calidade da música.

Valorar a calidade dos exercicios propostos. Comentar, a través da análise harmónica de obras ou fragmentos representativos dos diversos períodos estudados, a diferente calidade da música.

8. Ter actitude crítica ante a escasa calidade harmónica que pudiera presentarse tanto en músicas propias como alleas como en harmonizacións xeradas por medios electrónicos de xeito automático.

9. Tocar esquemas básicos ao piano

Improvisar no piano, a partir de esquemas propostos, os encadeamentos de acordes e procedementos da harmonía tonal estudados, dentro dun carácter homofónico.

10. Ser capaz de tocar os traballos realizados ao piano. Tocar no piano os traballos realizados.

6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os principais procedementos de avaliación serán:

- Corrección individual semanal de exercicios propostos polo profesorado, dos contidos que se están a traballar, a valoración destes exercicios suporá na nota do trimestre un 40% da nota final. (oito exercicios mínimo por trimestre). No caso de exercicio ou exercicios de creatividade, suporán o 10% desta porcentaxe

- Proba ou probas obxectivas trimestrais que poderán ser un baixo (con ou sen cifrar) e un tiple: a súa valoración na nota do trimestre será dun 60%. Valorarase ademais dunha correcta realización harmónica o coidado das diferentes liñas melódicas.

Ademais dos contidos procedementais antes mencionados, terase en conta o talante do alumnado na consecución dos valores e actitudes recollidos na programación, así como a análise e audición de obras ou fragmentos e interpretación dos traballos realizados na aula e dos propios do alumnado.

No caso da perda da avaliación continua (catro faltas de asistencia) o alumnado perderá o dereito as probas obxectivas trimestrais e deberá realizar unha proba única a finais de maio ou primeiros de xuño, que consistirá nun baixo, tiple ou baixo-tiple combinado, ademais de entregar uns traballos (mínimo 3), a determinar polo

docente dos contidos da materia (serán proporcionados con 15 días de antelación). Para unha avaliación positiva desta proba o alumnado deberá ter un 5 na proba obxectiva, así como un 5 nos traballos propostos: a ponderación destas notas será dun 75% e 25% respectivamente.

A duración desta proba non excederá de 90 minutos e será convocatoria única.

7. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

A materia de harmonía ten unha avaliación continua, polo que a recuperación das probas obxectivas realizadas na aula realizaránse no seguinte trimestre. Se o remate do 3º trimestre a avaliación nestas probas fose negativa, realizarase unha proba final que consistirá nun baixo, un tiple ou un baixo-tiple combinado dos contidos do curso, valorando a súa correcta realización harmónica (60% da nota final), así como o tratamento das distintas liñas melódicas (40% da nota final).

A proba realizarase a finais do mes de maio na aula e no horario correspondente á materia a recuperar.

8. PROBAS EXTRAORDINARIAS DE XUÑO

A proba extraordinaria de xuño consistirá en:

- Harmonización dun tiple ou baixo sen cifrar, ou unha combinación de ambos, incluíndo os contidos expostos na programación do 3º de Harmonía.
- Ó alumnado daráselle un tempo máximo de 90 minutos para a realización e posta en limpo do exercicio, a bolígrafo azul ou negro.

Os criterios de avaliación serán:

- Calificación dos contidos da materia de 4º de Harmonía reflexados na programación, utilizando estes elementos en base aos procedementos cadenciais nos que se baseará o exercicio proposto. Este apartado valorarase como o 70% da nota final.
- Avaliarase a creatividade das distintas liñas melódicas, principalmente baixos e sopranos. Este apartado valorarase como o 30% da nota final.

9. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

A ampliación de matrícula no 4º curso do grao profesional na materia de Harmonía, será avaliado positivamente se supera coa nota mínima de 5, unha proba obxectiva realizada antes do 30 de Novembro (prazo para realizar esta solicitude).

Esta proba consistirá:

- Harmonización dun tiple ou baixo sen cifrar, ou unha combinación de ambos, referido a todos os contidos da materia expostos na programación
- A duración do exercicio non excederá de 90 minutos
- A súa avaliación realizarase do seguinte xeito: calificación dos contidos da materia en base aos procedementos cadenciais nos que se baseará o exercicio (70% da nota final), e unha avaliación da creatividade das diferentes liñas melódicas, principalmente baixos e tiples, cunha valoración do 30% na nota final.

10. OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA

A orde do 10 de Marzo de 2009 con data de disposición 10/03/2009 e, data de publicación 18/03/2009, regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premios de fin de grao nas ensinanzas de música e danza.

A matrícula de honra poderase conceder ó alumnado matriculado en calquera curso das ensinanzas profesionais de música ou danza que acaden a calificación de 9 en calquera das materias reguladas polo Decreto 203/2007, do 27 de Setembro, e polo Decreto 204/2007, do 11 de Outubro.

Concesión de matrículas de honra:

- a) O número de matrículas de honra non poderá superar o 10% do alumnado matriculado no curso.
- b) As matrículas de honra serán propostas polo departamento de Fundamentos de Composición, a instancia do profesorado que imparte a materia de 4º de harmonía.

c) As propostas do departamento elevaráanse á Comisión de Coordinación Pedagóxica, que levantará acta dos acordos tomados e da concesión das matrículas de honra.

11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Durante o proceso de ensino-aprendizaxe é preciso ofrecer respostas diferenciadas en función da diversidade do alumnado na materia de Harmonía; ao impartirse colectivamente será inevitable integrar discentes con diferencias entre eles, de nivel, de motivación, de idade...

Por estas razóns no desenvolvemento das unidades didácticas realizadas polo profesorado, poderán adaptarse ou engadirse as actividades que se consideren oportunas para esta atención individualizada dentro do grupo, sexan como reforzo ou ben como ampliación.

No caso do alumnado non pianista deberá realizar un esforzo para conseguir tocar, como mínimo os seus traballos, tendo en conta o nivel acadado nos estudos de Piano Complementario.

O profesorado apoiará todo o posible ao alumnado que máis o necesite, iso si, sen perxudicar o normal desenvolvemento do curso e da realización do currículo.

Nalgúns casos serán convenientes traballos de reforzo ou de ampliación, e deberá proporcionárselle o material necesario.

Se algún membro do alumnado necesitase un apoio educativo maior, deberá buscalo mediante as tutorías.

12.ACTIVIDADES CULTURALS E DE PROMOCIÓN

Tendo en conta as características da materia de harmonía, e o seu lugar dentro do currículo do alumnado, o departamento de composición procurará a realización de actividades culturais e de promoción da materia como algunha audición no curso dos traballos propios do alumnado e outras posibles actividades relacionadas coa materia.

13.DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DÁ PROGRAMACIÓN

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarase de forma permanente o grao de cumprimento desta programación así como os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado, condicións,

capacidades, etc.

O profesor informará aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Así mesmo, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

14. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc.

Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia das materias do departamento e en concreto a de harmonía, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interés no estudo, etc.

Comentaránse regularmente os resultados globais de cada avaliación e calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaránse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter un óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado, ordenadores, equipos de audio, software, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc ... En definitiva os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón



soamente de forma teórica.

15.PROBAS DE ACCESO

PROBA DE ACCESO A 4º DO GRAO PROFESIONAL

A proba de acceso consistirá en:

- A harmonización dun tiple ou baixo sen cifrar, ou unha combinación de ambos, referido aos contidos expostos na programación do 3º curso da materia de Harmonía.

- Ao alumnado daráselle un tempo máximo de 90 minutos para a súa realización e posta en limpo a bolígrafo azul ou negro

Os criterios de avaliación serán:

- Calificación dos contidos de 3º reflexados na programación, cun imprescindible dominio deles, en base aos procedementos cadenciais nos que se baseará o xercicio proposto. Este apartado valorarase como o 70% da nota final.

- Avaliarase a creatividade das diferentes liñas melódicas, principalmente baixos e sopranos. Este apartado valorarase como o 30% da nota final.

PROBA DE ACCESO A 5º DO GRAO PROFESIONAL

A proba de acceso consistirá en:

- A harmonización dun tiple ou baixo sen cifrar, ou unha combinación de ambos, referido aos contidos expostos na programación do 4º curso da materia de Harmonía.

- Ao alumnado daráselle un tempo máximo de 90 minutos para a súa realización e posta en limpo a bolígrafo azul ou negro

Os criterios de avaliación serán:

- Calificación dos contidos de 4º reflexados na programación, cun imprescindible dominio deles, en base aos procedementos cadenciais nos que



se baseará o ejercicio proposto. Este apartado valorarase como o 70% da nota final.

- Avaliarase a creatividade das diferentes liñas melódicas, principalmente baixos e sopranos. Este apartado valorarase como o 30% da nota final.